

E OS DA BANDA D'ALÁ SON MÁIS ESTRANXEIROS QUE OS DE MADRÍ?

Francisco Calo Lourido¹

RESUMO:

A História fendeu em dois a velha Callaecia. Portugal torna-se estado soberano, A Galiza esmorece em España. Os galegos emigravam, faziam trabalhos ruins e eram menosprezados. Hoxe as relacións Galiza-Portugal são inexistentes ou, se as hai, são assimétricas.

Palabras chave: Separación Galiza-Portugal, lutas, emigración, relacións assimétricas.

ABSTRACT:

The history split the old Callaecia in two. Portugal becomes a sovereign state, Galicia fades away in Spain. Galician people had to emigrate, make ungrateful works and they were despised. Today Galicia-Portugal relations are nonexistent or, when existing, they are asymmetric.

Keywords: Galicia-Portugal division, struggles, emigration, asymmetric relations.

Filgueira Valverde, un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, escribiu un artigo, xusto cando se cumprían 70 anos do inicio daquela fermosa aventura intelectual e amorosa a prol de Galicia. Dedicouno a “avimenta-las memorias dun memorable xuntoiro, o do Porto, entre o trinta e un de marzo e o oito de abril de 1935” (Filgueira, 1993).

Unha tarde do mes de maio de 1979, estando eu a piques de rematar unha conferencia sobre a Cultura Castrexa no instituto Valle Inclán de Pontevedra, centro no que principiei as miñas andainas como profesor numerario de bacharelato, vin que, pola porta do fondo, entraban un grupo de colegas portugueses encabezados por Carlos Alberto Ferreira de Almeida. Detiven o discurso e invitei ao profesor Almeida a que subise ao estrado para continuar a exposición, “xa que todos sairíamos gañando”. Declinou a oferta, tan inesperada para el, como, para min, a irrupción naquel salón de actos dos, xa daquela, amigos de alén Miño. Xa fóra do recinto, lembroume que non esquecese que poucos días despois, do 7 ao 10 de xuño, teríamos, en Guimarães, o “Seminario de Arqueología do Noroeste Peninsular”, unha das actividades programadas para conmemorar o 850 aniversario da batalla de San Mamede. Repetinlle o que xa lle dixera moitos meses antes, que eles celebraban unha vitoria, pero que para min era duro facer o mesmo cunha derrota; mais íría, se me deixaban levar a bandeira galega e tela a carón da portuguesa, cando eu interviñese. Cuns copos de viño selamos o pacto e regamos as raíces duns lazos de amizade que

¹ Museo do Pobo Galego.

seguen vivos e frescos, entre os que, daquel equipo de investigadores que formamos na década dos setenta, aínda pisamos o solar desta vella Callaecia.

ESGAZA GALICIA E NACE PORTUGAL

Con Afonso VI, grande amigo e mecenas do abade Hugo e coetáneo do papa reformador Gregorio VII, de nome Hildebrando e monxe tamén de Cluny, penetraron en Galicia, León e Castela os cluniacenses monxes negros. Substituíuse o rito mozárabe ou hispánico polo romano, fortalecéronse bispados e parroquias, bispos franceses viñeron ocupar as sedes dos seus reinos, multiplícanse os mosteiros da orde, promocionando o Camiño de Santiago, e incluso se concertaron os matrimonios do propio rei e das súas fillas con borgoñóns. Dous primos, os condes Raimundo de Amous e Henrique de Châlon, casan con Urraca e Teresa, respectivamente. O fillo dos primeiros, Afonso VII, herdará e reinará en Galicia, León e Castela, mentres o dos segundos, seu curmán Afonso Henriquez, independizará o condado de Portugal e será o seu primeiro rei baixo o nome de Afonso I. Introduciuse así na Península a dinastía borgoñoa por partida dobre, aínda que, sospeito pero ignoro a razón, nas historias de España, a diferenza das de Portugal, nunca se menciona esta dinastía². Non é asunto deste artigo a separación do Condado Portucalense do vello tronco da Callaecia, pero non me resisto a traer esta cita recollida por Américo Castro: “*Con gran tino escribieron la señora Michaëlis de Vasconcellos y Teófilo Braga que ‘sólo los acontecimientos hicieron de Portugal un estado independiente, y crearon poco a poco en sus habitantes el sentimiento de ser un pueblo aparte’ (...)*” “*Los intereses franceses ganaron más apoyos en el condado portugués con la venida de los caballeros del Temple y de los monjes del Císter, igualmente enlazados con Borgoña*”. (...) “*Portugal nació como resultado de la ambición del conde Enrique, sostenido por Borgoña y Cluny, y por la debilidad de Alfonso VI, pábulo de guerras civiles, Portugal nació y creció por su voluntad de no ser Castilla, a lo que debió indudables grandezas y también algunas miserias*” (Castro, 1983: 148-150).

Fose cal fose o motivo ou a explicación xenética de Portugal, o que a min me importa agora é que un pobo único, como era o galego, no que tan galego era Porto como Lugo, con independencia das relacións entre as nobrezas do norte e do sur, fendeu en dous, e cada unha das partes camiñou, desde o século XI, independente da outra e agredíndose mutuamente. Portugal progresará como reino soberano, mentres Galicia, cada vez máis afastada do poder, esmorecerá adurmiñada ao compás do botafumeiro de Santiago. “A primeira tarde portuguesa”, como reza o fermoso título que Acácio Lino puxo á súa pintura, tivo lugar nos campos de San Mamede, na festa de San Xoán do ano da Era MCLXVI (fig. 1). “*Muito maior que o de um simples episódio de lutas civis é o valor da batalha de S. Mamede*” (Perez, 1970: 123). A partires de agora, amais dos avances cara ao sur, Afonso Henriques, galego a fin de contas, tentará continuamente facerse co resto do vello territorio, é dicir, das terras a norte do Miño. Sucederanse os combates, vencendo na zona do Limia e obrigando a Afonso VII a vir a Galicia, reconquistar o tomado e facer asinar o Tratado de Tui (1137). Volveu á carga Afonso I, en 1141, tentando conquistar Toroño, acción que rematou co Bafordo de Valdevez. Proseguiu Afonso I coa teima de anexionar Galicia, pero a fronteira co islam requiriu a súa atención e “*A conferência de Zamora de 1143 põe fim às pretensões de Afonso Henriques, de expansão territorial portucalense na Galiza*” (...) “*A persistência em conquistar terras na Galiza mostra ser esta uma das linhas de força da política militar, através da demonstração de soberania, de Afonso Henriques*”, mais Afonso VII “*não iria abdicar do seu domínio sobre os territorios galegos*” (Pinto, 2006: 26-27).

² Na altura, Borgoña dominaba en todos os eidos: reinos, mosteiros, bispados (Toledo, Braga...) e papado (antes Gregorio, o grande reformador da Loita das Investiduras, agora Calixto, ao que algúns atribuíron o Codex compostelán e tío de Afonso VII, etc). É curioso que o único libro, hoxe perfectamente prescindible, onde lembro ter lido que a Afonso VII lle chamen primeiro rei da Casa de Borgoña foi o de Ballesteros (1961).

Podemos dicir que, nesta primeira fase, antes e despois de que Afonso VII, en 1143, recoñecese o novo reino de seu curmán Afonso I, se suceden as tentativas deste por ocupar terras nos vales do Limia e do Tâmega, con incursións a Celanova, así como no Baixo Miño. As fronteiras estaban pouco definidas, oscilando entre o Miño e o Lérez, como podemos deducir da sinatura de paz entre Afonso I e Fernando II coñecida como “Paz do Lérez”, pois o documento foi asinado por ambos monarcas, en 1165, “*super flumen Lerice in vetula ponte*” (fig. 2). Dous anos despois, Afonso, que mantén terras galegas en torno a Tui, traspasa o río pontevedrés e conquista o castelo de Cedofeita. Fernando acude a asedialo e, no medio dun forte temporal, un raio deita abaixo a torre, aterrorizando as tropas portuguesas, que permiten a Fernando ocupalo sen baixas. Seguindo as crenzas da época, o raio foi interpretado como unha acción de Santiago Apóstolo, polo que o castelo foi doado á mitra compostelá. (Cfr. Rodríguez, 1969 e 1970; Abilleira, 1999).

Ocúpanse terras, pérdense e xógase con alianzas, pois a nobreza ten intereses dunha banda e da outra e mesmo, segundo Mattoso (1984: 174) en cita que tomo de Nogueira (2001: 221-222), “*a Corte estava cheia de galegos. Os principais postos políticos eram ocupados por eles. Os nobres iam constantemente á Galiza buscar as suas consortes e emigravam facilmente para lá*”. (...) “*A fixação de nobres galegos entre nós não se fez apenas antes de S. Mamede. Continua pelos séculos adiante, em vagas sucessivas*”. Os mosteiros e bispados seguen a se disputar posesións, o mesmo que facían antes da independencia e continuaban a facer entre os do mesmo reino. Romeiros portugueses nunca deixaron de acudir a Santiago e moito máis arriba, ata San Andrés de Teixido³ (fig. 3), Xelmírez vai a Braga facer o “Pío latrocínio” e os portugueses veñen a Celanova, procurando, infrutuosamente, os restos de San Rosendo. E, aínda que a documentación non se interesou por isto, podemos pensar que os habitantes das zonas que pasaron a ser fronteiras sufrían as consecuencias do paso das mesnadas nunha e noutra dirección. O problema da separación preocuparía nas chancelarías, pero para os paisanos todo seguiría coma antes, se acaso con maior número de incidentes concentrados nos pasos naturais entre ambos reinos. Nunha zona que antes non precisaba construcións defensivas, agora principian a erguerse e a reforzarse castelos e torres (Lindoso, Bouro, Castro Laboreiro, A Piconha, Monterrei...) e as xentes van tomando conciencia de que os veciños, que son coma eles, que pensan e falan igual ca eles, que se coñecen de toda a vida e que incluso seguen coincidindo nas mesmas feiras, romarías (fig. 4) e teñen leiras limítrofes, agora pertencen a outro reino e, dado o caso, terán que loitar contra eles. Xa nas *Inquirições* de 1258, segundo García Mañá (1988: 34), se di que en Terras de Bouro non se facían levas, pois os homes tiñan obriga permanente de defender a súa zona fronteiriza. Sen dúbida, todo isto vai converter aos veciños en inimigos permanentes, polo que non admira que a franxa de fronteira sufrise un despoboamento. E para paliar esta escaseza de xente, vanse crear, no século XV, “coutos de homiciados”, caso de Camiña, Melgaço ou Lapela; haberá tamén zonas de soberanía ambigua ou indefinida⁴.

A partires do 1 de Nadal de 1640 xa non son só as xentes da raia as que se ven involucradas nunha loita que dura ata 1668 e que, se en Portugal é coñecida como guerra da “Restauração” ou da “Aclamação” e en Madrid como “empresa de Portugal”, quen a sofren directamente son, coma sempre, os habitantes da raia. Neses 27 anos foron ocupadas e retomadas A Guarda (fig. 5), Salvaterra de Miño, Goián, Monção, Lapela... Estaba aínda moi recente o remate desta guerra, cando Gabriel Feyxó de Araújo escribiu o “Entremés famoso sobre a pesca no río Miño”, título co

³ Aínda “*en 1913, han hecho colocar sobre la puerta lateral del Norte, ciertos romeros portugueses, un pequeño ataud muy adornado, que de su lejana tierra condujeron, demostrando así su probada devoción a San Andrés de Lonxe*” (Maciñeira, 1921: 69).

⁴ Sobre o Couto Mixto, formado por Rubiás, Santiago e Meaus, hoxe de Calvos de Randín e Baltar a cambio de tres “pobos promiscuos” (Souteliño, Cambedo e Lamadarcos) nos lindeiros de Oimbra e Verín, véxase o completo e ben documentado traballo de García Mañá (1988), onde se recolle tamén todo o que afecta á fronteira galaico-portuguesa no Tratado de Límites de 1864, así como a reprodución textual de toda a ringleira de fitos sinalados na Acta Xeral de 1906.

que o deu a coñecer Bouza Brey (1953) e que figura, na Biblioteca Nacional (Madrid), co moito máis longo de “Entremés famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la feligresía de Caldelas con los Portugueces sobre la pesca del río Miño. Año de 167...”⁵.

As disputas e reclamacións entre Madrid e Lisboa por terras peninsulares ou ultramarinas sucédense continuamente. Aquí estamos a nos ocupar de Galicia, pero, mesmo en intres nos que a nosa raia só se poñía en alerta, noutras zonas había verdadeiros combates, desde Miranda de Douro, coa explosión do seu castelo nas accións da Guerra dos Sete anos, ata a toma de Olivenza (fig. 6), cando a Guerra das Laranxas, etc. Sempre problemas, e Portugal, con menos recursos e homes no territorio peninsular, acotío mirando a España con desconfianza. Cando o peregrino Nicola Albani, rematando xa o ano de 1743, pasa de Galicia a Portugal, observa que Tui está pouco fortificada e conta cunha guarnición militar moi escasa, mentres que Valença é “unha praza de armas ben fortificada pola artillaría, con fortes murallas cos seus fosos e pontes levadizas e gardada por boas tropas de soldados con bo regulamento e limpeza” (fig. 7). A explicación que lle atopa a esta diferenza de medios defensivos entre os dous reinos é que “España está ben segura de Portugal, segundo o proverbio de que o grande acaba comendo ao máis pequeno; porén, Portugal está ben gardado, que xa non se fía tanto de España” (Albani, 2007: 171).

Tantas desconfianzas e loitas ao longo de moitos séculos tiveron que deixar unha ferida moi fonda entre as comunidades veciñas. O idioma común foise afastando ata chegar a resultarlle a moitos paisanos, por mor da fonética, inintelixible, a música, os instrumentos musicais, a vestimenta e o folclore collían vieiros diferentes, a arte, común e idéntica ata chegar ao gótico, principiou a se diferenciar ata mostrar grandes diferenzas a partires do barroco, e outro tanto sucede nos gustos estéticos, reprodución mimética dos da sociedade dominante, como vemos, no Minho portugués, na restauración de vellas casonas e casas grandes “a imitación dos pazos e reitorais. E o coidado dos xardíns privados, e aínda máis dos públicos, resulta manifesto en tódalas vilas e mesmo nas aldeas” (Calo, 1997:133).

MAIS O ADN SEGUE A SER O MESMO

Unha cousa son os estados, as disposicións emanadas de Lisboa ou Madrid e outra moi distinta é a vida cotiá das poboacións limítrofes, ao longo da raia seca e do Miño, e mesmo rexionalmente veciñas, como a costa galega e a portuguesa. Teño andado moito por rueiros e campo a través ignorando se estaba en Galicia ou en Portugal, falando con paisanos dunha banda e da outra que me sinalaban fincas da súa propiedade no outro lado con vacas pastando nelas. Moitos séculos de convivencia, de trato, de comercio, de contrabando, de festas, de feiras, de amores, de casamentos, de herdanzas foron xerando unha franxa difusa. En Madrid non entenden isto, por iso publicaron hai anos que a garda civil retivo unha recua de burros con contrabando que ían teledirixidos, ignorando que os animais soltos regresan á corte. Nas noites no cámping de Chaves, cando as escavacións no castro da Pastoria, era un continuo bater de ferraduras. E, se no Barroso se fan chegas de bois e se mallaba en eiras de bosta amasada e pisada, en Ourense, da outra banda do Larouco-Xurés, facíase exactamente o mesmo, e a feitura das rodas dos carros é idéntica nos dous lados, e así poderíamos seguir *ad nauseam*.

Portugal foi desde moi cedo terra de navegantes, mais sempre escasa de pescadores. Levaríanos moi lonxe esbozar aquí os tratos pesqueiros das Rías Baixas con toda a costa do que hoxe

⁵ O que hoxe se conserva é copia, o que, sendo escrito en galego, en época na que esta nosa lingua estaba circunscrita á oralidade, explica que o título figure en español. Falta o remate da data, apuntando os estudosos ao ano 1671, tres despois de acabada a guerra na fronteira. A pesca no Miño, ou mellor os dereitos a exercela (defendían os portugueses que eles poderían facer dous lances por cada un dos galegos), é o que da pé á loita violenta entre un labrego galego e un arrogante fidalgo portugués (“morrão os galegos morran, / arda, pois, Caldelas, arda!”). Morre este, o mesmo que outros moitos compatriotas. Despois do pranto da amada do fidalgo, toca enterrar os mortos e facer unha festiña conxunta, animada por unha moza portuguesa con viola, pandeiro e ferreñas. Non hai gaita.

é o distrito norte (e ata o Algarve), así como o papel desempeñado polos galegos na formación de núcleos piscatorios ao longo da costa portuguesa (Cfr. Soeiro e Calo, 1999). Conformémonos con estas cativas alusións á presenza de galegos domiciliados en vilas portuguesas. Xa desde o século XVI temos entre os mariñeiros de Viana o alcume ou apelido Galego. Mais no XVIII está testemuñada a existencia dunha colonia galega asentada nas rúas Santa Catarina e Loureiro (fig. 8), tradicionalmente ocupadas por pescadores de mar e onde, aínda nos inicios do século XX, se escoitaba falar galego. Tampouco faltaban comerciantes e mesmo artistas, como o pedreiro Pero Galego que, nos inicios do século XVI, ergueu a fachada do convento de Santa Ana (Moreira, 1985: 73 e 90).

A presenza de pescadores galegos vaise acrecentar, ao longo dos séculos XVI e XVII e sobre todo no XVIII, nas comunidades costeiras portuguesas, desde Camiña e Viana ata Aveiro e Buarcos-Figueira. *“Desses lugares passava o ‘pescado dos Galegos’ aos pontos intermédios do interior onde se instalam colónias entregues ao seu trato. Assim acontece em Barcelos, Braga e Guimarães. Daqui transita às terras mais altas do interior, surgindo nas feiras de Moncorvo, Vila Real e Bragança, onde as próprias gentes de Galiza interior e das Castelas o vêm buscar”* (Oliveira, 1985: 94). A relación entre mariñeiros galegos e moradores no Porto e demais poboacións costeiras portuguesas tivo moitos problemas por razóns económicas; pero os sentimentos de veciñanza eran tamén moi fondos, como podemos ver nestas cativas mostras da época dos Filipes e da propia contenda da *Restauração*. *“Caso ainda que raro mas altamente significativo nomeadamente foi o socorro prestado pelo Porto aos ‘vizinhos’ de Pontevedra em 1620 –por sinal em cima de uma crise também em Portugal. Pouco depois estava saindo novamente muito pão para outras terras de Galiza, que não se especificam. Na verdade, em 1628 se refere a grande saca de pão do termo para o Reino de Galiza.*

Só uma estreita ligação de vizinhança e até de amizade com as populações de Galiza e em particular, como vemos, com as gentes de Pontevedra justificam esta cedência de cereal e o auxílio prestado em 1620, como se terra do seu Termo se tratasse. Aliás, é esta a justificação para tal auxílio alimentar: ‘Por serem tão vizinhos do Porto!’

Por idênticos motivos se prontificará a Câmara a prestar auxílio e esmola aos prisioneiros galegos que as contendas da Restauração trouxeram aos cárceres do Porto, como efectivamente se determina em 1655: ‘que aos prisioneiros galegos que restavam morrendo de fome metidos em um navio se lhes desse um tostão de esmola’ (Oliveira, 2003: 137).

Coñecendo esta situación, aquí unicamente apuntada, podemos entender o que Link, sobre quen volverei, notou e anotou, a finais do século XVIII, en canto chegou ao Porto: que alí a linguaxe estaba chea de “diminutivos ridículos” e exemplifica con “*adeusinho*”. Viña de Lisboa, onde non escoitara nada semellante. Non sabía Link que así é como, aínda hoxe, falamos os galegos e, entrando no século XIX, Porto seguía a manifestar o que era. Cando este alemán chegou a Portela de Home, escribiu que a vista cara a “Espanha” non é tan fermosa como a do *Minho*, e que os vales máis abertos e amplos están peor cultivados, apreciacións que comparto, mais engade: *“No entanto não se acredita que se está noutro Reino, ouve-se ainda a lingua portuguesa, vêem-se os costumes e modos de vida portugueses”* (Link, 1801: 201 e 219).

OS GALEGOS EMIGRAN A CASTELA E A PORTUGAL

A diferenza de Castela, o intenso crecemento demográfico de Galicia no século XVII, xunto coas relacións socioeconómicas, que facían que unha terra rica fose incapaz de manter os seus habitantes, motivou unha forte e progresiva emigración a Andalucía e Portugal. Nuns casos trátouse dunha corrente sen data de retorno, mentres que noutros, como foi a sega en Castela ou o traballo nas viñas en Portugal, era unha migración de ida e regreso, aínda que foron moitos os

galegos que aposentaron permanentemente no lugar de acollida. Alexander Jardine, militar e cónsul inglés na Coruña ironizou, en 1788, sobre as exportacións galegas: “*Aunque pobre, Galicia es, sin embargo, de gran importancia para España, en especial respecto a dos artículos de exportación: ganado y gente. Esta última emigra anualmente en grandes cantidades a España y Portugal, donde resultan de la máxima utilidad en la agricultura y una serie de servicios domésticos que los más pobres y andrajosos de los nativos de estos países son demasiado orgullosos e indolentes para realizar. Se calcula que en ellos se emplean cuarenta o cincuenta mil gallegos*”. E máis adiante di: “*La constante exportación o emigración de gente puede ser una causa de su (numerosa) población y de la fecundidad de sus mujeres, que no tienen miedo, como en otras partes, a tener hijos*” (Cfr. García Blanco-Cicerón, 2006: 284-286).

Se no século XVII hai referencias a galegos afincados en Granada, no XVIII sabemos de centenas que figuran como casados en localidades en torno a Sevilla, como Utrera ou Dos Hermanas, así como en Medina del Campo ou Segovia (González, 2002: 86), e poderanse atopar en moitísimas outras localidades das dúas Mesetas, como produto da migración andoriña á sega⁶, cando se fagan recontos, como o publicado de Cuenca de Campos, con 26 vodas no s. XVII e 36 no seguinte (Castro, 1999: 26). No XVIII, o fluxo de galegos dirixiuse a Madrid, Cádiz e Sevilla, onde os atopamos traballando como mozos de corda, lacaios e vendedores de auga, o mesmo que sucedía cos que emigraban a Lisboa, onde, en 1800, posiblemente houbera uns 80 000 galegos, segundo Meijide (1960).

William Dalrymple, un oficial inglés, viaxeiro por España e Portugal, en 1774, deixou a cifra duns 60 000 galegos que baixaban anualmente a Castela e ata Andalucía e engadiu que “hai tamén trinta mil que van á vendima e ás recoleccións a Portugal” (Garrido, 1994: 188-204). Xa a mediados do século XVIII, podería haber en Portugal uns 60 000 galegos, dos que 40 000 morarían en Lisboa (Consiglieri, 1994: 13), onde se encargaban dos traballos que antes desempeñaban os escravos. Segundo Nicola Albani, no ano 1744, en Lisboa só había unha fonte, un chafariz, mandado facer polo rei João V e do que se abastecía toda a cidade, polo que se ven alí “milleiros de vendedores de auga levándoa cos seus asnos, ou outros animais cargados de toneis, ou outro tipo de vasillas cheas coa devandita auga, e con sons de campaiñas, que este é o sinal dos vendedores de auga, vendéndose a un prezo caro” (Albani, 2007: 200).

O xa citado naturalista alemán que, en 1798, percorreu Portugal e nos deixou unha completa e atinadísima visión dos portugueses, introducíndose mesmo nos aspectos lingüísticos, ao falar das enxurradas que deixaban intransitables algunhas rúas de Lisboa, dixo que: “*Com um tempo deste género, em baixo, junto à calçada da Estrela, havia habitualmente algúns galegos que por uma ninharia transportavam os peões*”. Fala dos galegos que enchían barricadas de auga nos chafarices e “*apregoam-na pelas ruas*”; tamén os menciona, camiñando “*com as suas enormes cargas*”. Coido de interese traer aquí esta súa longa cita: “*Os carregadores, os aguadeiros e a maior parte dos criados são provenientes da província espanhola da Galiza e chamam-se por isso galegos. Estes homens úteis abandonam aos milhares a sua pobre pátria e vão, em parte para as restantes províncias espanholas, em parte para Portugal para ganhar dinheiro com os trabalhos mais rudes. Em muitas províncias de Portugal ajudam na colheita. São muitíssimo trabalhadores, interesseiros mas honestos, se ben que esta fama não esteja ja totalmente imaculada. Às vezes*

⁶ Produto de dúas exposicións sobre a sega en Castela, unha en Cuenca de Campos e outra en Santiago, editáronse dous catálogos, contendo o segundo, que cito, todos os traballos do primeiro traducidos ao galego e engadindo dous máis (Cfr. González e Sierra, 2002). Malia seren tratados en profundidade unha serie de aspectos desta migración galega, non figuran dúas citas que coido de interese para o tema. A primeira é de Pérez Constanti (1993: 167), na que transcribe unha orde da Audiencia de Galicia, de 1776, prohibindo que vaian á sega de Castela mozas solteiras ou casadas sen a compañía do home, porque “*la honra padece innumerables desfalcos*”. A segunda tómoa de Marx (2008: 589-592), cando fala do sistema de cuadrillas baixo a dirección dun *gangmaster*, un capataz que, o mesmo que o que dirixe os segadores, se encarga de conseguir o traballo e a súa rotación polos diferentes campos. Salvando as distancias a percorrer e a idade dos traballadores, enlaza coa prohibición anterior: “*Un grosero libertinaje, una alegre francachela y la más devergonzada obscenidad prestan sus encantos a la cuadrilla*” e chega a dicir que, “*Por el camino de regreso, está a la orden del día lo que Fourier llama ‘fanerogamia’*”. Non lle faltaba enxeño ao creador dos falansterios.

ficam em Portugal, montam pequenas tabernas ou casas de pasto, ou uma pequena mercearia, mas geralmente regressam à sua terra com o dinheiro obtido” (Link, 2005: 109-125).

Todo canto veu e apreciou Link a finais do século XVIII continuou no XIX e, cando menos unha das actividades, ata os nosos días. Bordalo, quen, segundo Vasco Granja, foi pioneiro da banda deseñada na senda da literatura de cordel, iluminou e puxo texto a unha partida de galegos que, en 1884, regresaban a Galicia, encabezados por un deles propietario dunha taberna; foron enganados por un señorito que lles vendeu un sombreiro supostamente máxico (Bordalo, 1994). Saramago, en *O ano da morte de Ricardo Reis* (un dos heterónimos de Pessoa) conta que no mercado da Praça da Figueira se oe a todas horas falar galego, pois o popular barrio da Moureria estaba habitado por eles e os restaurantes estaban nas súas mans.

Os traballos que os galegos teñen que exercer fóra da súa terra son os máis pesados ou os máis ruíns, os que procuran evitar os casteláns e os portugueses, o mesmo que sucede hoxe en día cos que, en ondad, chegan aos países europeos, e os empregos que ocuparon os nosos emigrantes (españóis e portugueses), cando Europa lles abriu as portas na década dos sesenta do pasado século. En Castela exercitábanse en labores agrícolas de recolleita, así como no traballo de telleiros e outros oficios ambulantes; nas cidades, como Sevilla, Madrid, etc. ocupáronse dos traballos pesados, semellantes aos que desempeñaron en Lisboa. Traballos agrícolas, de cantería ou de todo un pouco, como criados, desenvolvían no rural portugués, encargándose no Porto dos oficios servís, e máis aínda en Lisboa, onde traballaron na construción do acueduto a partires de 1731 e na reconstrución da cidade tralo terremoto de 1755, no carrexo da auga por rúas e casas, no transporte de fardos pesados, mesmo pianos e enfermos que levaban ao hospital, mais tamén exercían de correos galantes e amorosos. Os máis emprendedores, como xa vimos en Link, procuraron facerse cunha taberna, unha casa de comidas ou unha mercería. Con esta caste de traballos ocupaban o nivel máis baixo da sociedade produtiva, o que ocasionou que motivaran opinións contraditorias sobre eles. Se, por unha banda, lemos que “é un facto extraordinario queixar-se alguém da probidade do galego. Laboriosos e honrados están, aínda assim, sob a completa dependência dos portugueses”, por outro lado, unha cita de 1882, de Maria Rattazzi, di: “É um galego’, dizem. Isto é: um ente grosseiro, desprezível, que não merece consideração nem delicadeza de espécie alguma” (Consiglieri, 1994: 15).

Nas miñas longas estadías en terras portuguesas, participando desde o ano 1978 en bo número de escavacións arqueolóxicas e investigacións etnográficas, vivín en portugués, aprendendo a fala, os ditos, as cancións... Entre outras frases alusivas á presenza de galegos en Lisboa, escoitei repetidamente a que di que “*Três galegos não fazem um homem, não sendo para comer*”. Nun libro sobre os compatriotas que traballaban en Lisboa, amais de citar outro dito que tamén teño escoitado, como é: “*Guarda-te de cão preso e de moço galego*”, volvo a ler o anterior, pero agora ampliado: “*Duzentos galegos não fazem um homem...*” (Felgueira, 1980: 11). Isto xa é un bocadiño esaxerado, ou talvez mo pareza a min polo feito de eu ser galego. Pero xa o propio Camões, esquecendo a súa ascendencia⁷, ou talvez por coñecela, nos obsequiou no Canto IV de *Os Lusíadas* con esta galanura: “*Ó sórdidos galegos, duro bando*”. Se a opinión que dos galegos, partindo do coñecemento dos que emigraban para facer os devanditos traballos en terras portuguesas era manifestamente negativa, non se diferenciaba, pola mesma razón, do que pensaban e manifestaban os castelás, quen, entre outros moitos insultos, chegaban a berrar nas estacións e apeadeiros: “*Señores viajeros al tren... y gallegos también*”. Non admira, pois, que, entre xentes que só coñecían aquela caste de galegos, se forxase unha idea negativa do conxunto dunha socie-

⁷ Na estela do Padre Sarmiento, Filgueira Valverde, un dos participantes naquela “Semana Galega” de 1935 e un dos maiores estudiosos do grande autor de *Os Lusíadas*, documentou o apelido Camões, xa desde o século XIII, no lugar de Camos, terra de Miñor, de onde tamén proceden as mazás camoesas. Dedicou a este autor e á súa obra 16 publicacións, desde a inicial de 1924-1925, así como 17 conferencias ou palestras científicas.

dade, de Galicia, da que ignoraban todo. Se os emigrantes chegasen a se facer cunha fortuna como a de Manuel Cordo Boullosa, fundador de Galp, quen chegou a ser o quinto home máis rico do mundo, moi outra sería a opinión.

RELACIÓNS CULTURAIS ASIMÉTRICAS

Os paisanos galegos e portugueses ignóranse mutuamente e podo dicir que non senten, precisamente, unha especial simpatía mutua. Digamos que neste sector temos un empate, mentres que entre os creadores literarios hai unha asimetría absoluta: os escritores portugueses, agás escasas excepcións, descoñecen a literatura galega contemporánea, mentres “a literatura portuguesa e, en xeral, a vida cultural do país irmán, exerceron axiña grande atracción sobre os intelectuais nados ó norte do río Miño” (Vázquez, 1992: 419). Viale Moutinho dixo que, aínda que se procuraron moitas veces as relacións culturais Galicia-Portugal, estas nunca callaron. Cando as hai, van máis polo político ou polo económico (Eurorrexión) que polo cultural, evidenciando que “A partir de que houbo unha fronteira funcionou como un verdadeiro río Lethes, de Esquecemento”, frase similar á pronunciada por Mendes Corrêa na inauguración da Semana Galega de 1935, cando dixo que Galicia era unha descoñecida en Portugal e que o río do Esquecemento xa non é o Limia, senón o Miño. Fala tamén Soeiro dunha “*relação desigual, mais desejada e bem acolhida na Galiza do que pensada e assumida em Portugal*” (Soeiro, 2004: 218). Coincide Viale coas profesoras anteriores, cando di que o problema do afastamento vén máis pola banda portuguesa, e achácao a que o intelectual portugués ten moita máis fachenda que o galego “e mira máis para Madrid e para o propio embigo”. Podo asegurar que os meus colegas máis relacionados con Portugal e máis eu partillamos o dito polo intelectual portugués. Por non proseguir incidindo en citas que apuntan na mesma dirección, remato coa seguinte: “*Hoje é nítida a ausência de atenção às relações de Portugal com a Galiza por parte dos estudiosos portugueses, não tendo paralelos locais as preocupações que recentemente têm suscitado a atenção de tantos acadêmicos galegos notáveis*” (Medeiros, 2003: 325).

Moi diferentes foron as relacións nos inicios dos estudos etnográficos ou, por seguir a nomenclatura da época, folclóricos, tanto en España, por suposto en Galicia, como en Portugal. Dionisio Gamallo Fierros, compilador da correspondencia entre Emilia Pardo Bazán e Antonio Machado, dixo que “*Entre Teófilo Braga desde Portugal, Antonio Machado desde Andalucía y la Pardo Bazán desde Galicia, pusieron los cimientos de los estudios folklóricos de España*”. Por este autor, sabemos que Dona Emilia visitou a Teófilo en Portugal e que, posteriormente, lle solicitou que escribise un prólogo para o cancionero galego de Ballesteros. En carta a Machado, enviada desde París, di: “*¡Pobre Braga! Es la criatura más sencilla y buena que he visto: un niño con una frente muy grande llena de hechos, de ideas y de síntesis. Nada tiene que agradecerme, pues el dará brillo a la obra y desempeñará como nadie el prólogo. Conoce á fondo, á fondo, la rama galaico-lusitana de la literatura patria. No dirán los Murguías que hemos puesto el pandero en malas manos: yo creo que son las únicas que lo sabrán tañer*”. Dúas cartas despois, engade: “*el prólogo de Braga le da carácter*” (Cfr. Deaño, 2009: 173-234)⁸.

Ben empezaron as relacións e ben continuaron nas ilustres persoas de Leite de Vasconcelos e Federico Maciñeiras. Nas fins do século XIX, o investigador galego fixo unha demorada viaxe por Portugal, tendo a Leite como mentor no Museu Etnolóxico de Lisboa e coñecendo, entre outros, a Mezquita de Figueiredo, Vieira da Silva, Consiglieri Pedroso ou Gonzalves Viana. En 1902, está en Galicia o sabio portugués, recollendo materiais filolóxicos para el e arqueolóxicos para Hübner, a

⁸ Escribín sobre isto en Calo (2012: 136-140). Os copistas medievais temían un trasno chamado Titivillus que lles facía cometer grallas. Non sei se foi ese mesmo ou outro o que fixo que ese meu traballíño aparecese publicado sen que figure a miña autoría.

quen igualmente trataba Maciñeira, o mesmo que a Schulten, Salomón Reinach, Mélida, Bertrand, Rada y Delgado, etc. Os contactos eran daquela abondosos e ao máis alto nivel. Vasconcelos chegou á Coruña, a principios de setembro, sendo agasallado por Murguía, Carré e Martínez Salazar, entre outros. Pasou logo a Ferrol, onde o agardaba Maciñeira para levalo á súa terra de Santa Marta de Ortigueira (Naya, 1959: 111-113). En carta a Bouza Brey, recoñecía Maciñeira que “*A el (Vasconcelos) debo lo poco que significo*” (Bouza-Brey, 1947: 9-17). É significativo ou, por dicilo con verbas alleas, “Ten todo o valor de un símbolo que o volume que encetou o rexistro inicial da rica Biblioteca (da Real Academia Galega) fose o das ‘Religiões da Lusitania’”. Foron moitos os colegas de alén Miño que acadaron a categoría de membros de honra na devandita institución: Sousa Barroso, Bessa, Leite de Vasconcelos, Antonio Benavente, Joaquim Nunes, Manuel Monteiro ou Santos Junior. “No ‘Congreso de Estudos Galegos’, de 1919 e nas ‘Asambleas’ do 1955 e do 1961 axuntou a Academia os estudiosos de ‘alem’ e de ‘aquem’ Miño” (López Gómez, 1993: 11).

Non vou entrar agora na fértil relación entre os membros do Seminario de Estudos Galegos e os seus colegas portugueses, rematando este apartado con Francisco del Riego (La Voz de Galicia, 9 de agosto de 2000), cando, despois de falar das embaixadas culturais en ambas direccións na época das Irmandades da Fala, con publicacións en “A Águia”, “Descobremento”, “Seara Nova” ou en “Nós”, “A Nosa Terra” ou “Ronsel”, remata dicindo que a comunicación foi esmorecendo e “cómpre reverdecer nos días de hoxe”. Na primeira das publicacións citadas, “A Águia”, foi onde Vicente Risco deu a coñecer en Portugal a obra de Rabindranath Tagore (Fernández, 2015: 114). Concordo con que a relación entre os investigadores das dúas bandas do Miño foi decaendo, sobre todo a partires da incivil guerra do 36-39 e subseguinte ditadura que lle seguiu, mais persoeiros sobreviventes das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos e mesmo outros máis novos do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento do CSIC seguiron mantendo os contactos cos colegas da outra banda do Miño. Vemos isto na asistencia a congresos e nas publicacións de cada un dos países. Teño diante de min a reedición da *Traxicomedia da noite dos Santos* de Otero Pedrayo feita con motivo do centenario do seu nacemento. Na introdución, lemos que esta obra veu a luz en *Quatro Ventos (Revista lusíada de cultura e arte)*, editada en Braga, en 1960, nun número extraordinario en homenaxe ao poeta António Correia d'Oliveira falecido nese ano. Otero Pedrayo formaba parte, o mesmo que Leandro Carré Alvarellos e Sebastián Martínez Risco, da dirección galega desta revista desde o seu primeiro número de 1 de abril de 1954, continuando así o “achegamento a Portugal como cultura irmá na mellor tradición e labor dos homes de Nós”. O introdutor intercala aquí unha nota, na que lemos: “Esa relación coa cultura irmá (esquecida de sempre entre nós) era considerada por Otero como unha das dúas conquistas culturais máis importantes dos homes da súa xeración. Acorde con esta consideración D. Ramón mantivo, durante toda a súa longa vida, as relacións culturais e os contactos cas xentes e os intelectuais da outra banda do Miño; nunha actitude (da que algún día haberá que escribir con vagar e historia) fiel a aqueles inxenuos versos, do poeta da raia José Rodrigues do Vale, João Verde” (Martínez Pereiro, 1988: 1). Seguen os versos, os mesmos que eu emprego para remate do artigo e dos que adxunto unha ilustración semellante á que orna a miña biblioteca sobre as obras de Castelao.

Non quero acabar, sen facer unha referencia a Carlos Alberto Ferreira de Almeida. O seu contacto con Bouza Brey tróuxoo en distintas ocasións a Compostela, forxándose unha verdadeira relación de amizade con membros da Sección de Arqueoloxía do IEGPS que Bouza dirixía. En 1978, Fernando Acuña Castroviejo e quen isto escribe viaxamos a Penafiel para participar nas escavacións que Almeida estaba a dirixir. Os vínculos que, desde aquel verán, se forxaron entre o equipo co que xa contaba Carlos Alberto e nós leváronnos a traballar xuntos en moitas escavacións en Portugal, Galicia e ata en Pola de Allande (Asturias). Pola miña banda escavei

ano tras ano, investiguei, viaxei, fixen traballo etnográfico, integreime no pobo, recollín material e bibliografía para a miña tese de doutoramento, discutín teorías e cuestións concretas con todos os do equipo, no que eu fun aceptado coma un máis e do que me sigo considerando, e publiquei varios traballos con Teresa Soeiro (2014), continuadora das escavacións do “mestre”, como lle chamabamos todos a Carlos Alberto. Se a relación entre Xaquín Lorenzo (Xocas) e Santos Junior era de verdadeira amizade, ultrapasando o estritamente científico, coido que a que eu manteño cos membros vivos daquel grupo inicial responde tanto a sentimentos de confraternidade como científicos e os primeiros son, obviamente, máis fortes e profundos. É evidente que, cando arriba dixen que “partillamos o dito polo intelectual portugués” non estaba a pensar na *miña* xente portuguesa. Repito a miúdo a xa vella cantilena, pero singularizándoa: “Menos mal que me queda Portugal”, e comparto os versos de João Verde, poeta de Monção (fig. 9), que maxinou Galicia e o Minho como dous namorados:

*“Vêndo-os assim tão pertinho
A Galiza mailo Minho
São como dois namorados
Que o rio traz separados
Quasi desde o nascimento.
Deixalos, pois, namorar
Ja que os pais para casar
Lhes não dão consentimento”.*

Nunha viñeta de Castelao temos un vello e un picariño ollando as terras da outra banda do Miño. “E os da banda d'alá son máis estranxeiros que os de Madri?, preguntou o cativo. (Non se sabe o que lle respondeu o vello)”.

BIBLIOGRAFÍA

- ABILLEIRA SANMARTÍN, Xosé (1999): O Castellum de Citofacta en Lérez. Uns comentarios sobre a súa documentación. *Cedofeita. Revista da Asociación Socio-Cultural Cedofeita*. Lérez, Pontevedra, nº 3, pp. 3-10.
- ALBANI, Nicola (2007): *Viaxe de Nápoles a Santiago de Galicia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- BALLESTEROS BERETTA, Antonio (1961): *Figuras Imperiales*. Colección Austral, 677. Madrid, Espasa-Calpe, S. A. (1ª ed. 1947).
- BORDALO PINHEIRO, Rafael (1994): *Os galegos e outras historias*. Lisboa, Artes / Ilustradores.
- BOUZA-BREY, Fermín (1947): Prólogo. In MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, Federico: *Bares. Puerto Hispánico de la Primitiva Navegación Occidental*. Santiago de Compostela, CSIC-IEGPS.
- BOUZA-BREY, Fermín (Transcrición, limiar e notas) (1953): *Gabriel Feijoo de Araújo: Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*. Vigo, Ed. Monterrey.
- CALO LOURIDO, Francisco (1997): Patrimonio cultural do Noroeste de Portugal. In FIDALGO e SIMAL (Coords.): *Patrimonio Cultural de Galicia e Norte de Portugal*. Cadernos do Laboratorio Ourensán de Antropoloxía Social, Ourense, nº 6. pp. 131-137.
- CALO LOURIDO, Francisco (2012): Notas ao fío do epistolario entre Santos Junior e os intelectuais galegos. *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*. Santiago de Compostela, nº 7, pp. 136-140.
- CASTRO, Américo (1983): *España en su historia. Cristianos, moros y judíos*. Barcelona, Editorial Crítica, (1ª ed. 1948).
- CASTRO TOLEDO, Jonás (1999): Presencia gallega en Tierra de Campos: El caso e Cuenca (Valladolid). In ALONSO (Coord.): *Gallegos a Castilla. “Segadores en Tierra de Campos”*. Valladolid.
- CONSIGLIERI, Carlos (1994): Prefácio. In BORDALO PINHEIRO, Rafael: *Os galegos e outras historias*. Lisboa, Artes / Ilustradores.

- DEAÑO GAMALLO, Antonio (2009): Las cartas de Emilia Pardo Bazán a Antonio Machado y Álvarez. *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, A Coruña, 006, pp. 173-234.
- FELGUEIRA, Guilherme (1980): O galego. Tipo popular da fauna lisboeta. Separata do *Boletim Cultural da Assembleia Distrital de Lisboa*, Lisboa, III, nº 80, 1º Tomo.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé (2015): *Vicente Risco mestre de mestres*. Deputación de Ourense.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1924-1925): La oriunde de gallega de Camões. *Diario de Pontevedra*, 31-XII-1924 e 3-I-1925.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1993): O Seminario de Estudos Galegos (en Portugal). *La Voz de Galicia*, 14/10/1993. A Coruña.
- GARCÍA BLANCO-CICERÓN, Jacobo (2006): *Viajeros angloparlantes por la Galicia de la segunda mitad del siglo XVIII*. A Coruña, Colección Galicia Histórica. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- GARCÍA MAÑÁ, Luís Manuel (1988): *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*. Boletín Auriense, Ourense, Anexo 11. Museo Arqueolóxico Provincial.
- GARRIDO, Gustavo A. (1994): *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX*. Vigo, Galaxia.
- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Rosa Mª. (2002): *La población española (siglos XVI, XVII y XVIII)*. Madrid, Cuadernos de Cultura y Civilización Hispánicas. Actas.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel e SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé Carlos (comisarios) (2002): *Galicia e a sega en Castela ó longo dos tempos*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LINK, Heinrich (2005): *Notas de uma viagem a Portugal e através de França e Espanha*. Lisboa, Biblioteca Nacional. (Ed. alemá 1801).
- LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Ferrán (1993): Eloxio do Doutor Santos Junior Académico de Honor da Real Academia Galega. *Homenagem a J. R. Dos Santos Júnior. Instituto de Investigação Científica Tropical*, vol. II. Lisboa, pp. 11-12.
- MACIÑEIRA PARDO-DE-LAMA, Federico (1921): *San Andrés de Teixido. Historia, leyendas y tradiciones*. A Coruña, Litografía e Imprenta Roel. (Ed. facs., 2011).
- MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos Paulo (1988): "Introdución "A cinza quente na xiada cinza". In OTERO PEDRAYO, Ramón: *Traxicomedia da noite dos Santos*. A Coruña. Cadernos da Escola Dramática Galega (1ª ed. 1960).
- MARX, Karl (2008): *El Capital. Crítica de la Economía Política*. Tomo I. México, Fondo de Cultura Económica. (1ª ed. 1867).
- MATTOSO, José (1984): *Portugal Medieval. Novas interpretações*. Lousã, Imprensa Nacional. Casa da Moeda.
- MEDEIROS, António (2003): Discurso nacionalista e imagens de Portugal na Galiza. *Etnográfica*, Lisboa, 7 (2), pp. 321-349.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1960): *La emigración gallega interpeninsular en el siglo XVIII*. Madrid, Instituto Balmes de Sociología. CSIC.
- MOREIRA, Manuel António Fernandes (1985): A presenza de galegos en Viana da Foz do Lima no século XVI. In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*. Póvoa de Varzim, III, pp. 65-96.
- NAYA PÉREZ, Juan (1959): Recuerdo de la visita a La Coruña del sabio lusitano Don José Leite de Vasconcelos. *Actas do Colóquio de Estudos Etnográficos "Dr. José Leite de Vasconcelos"*. Porto, pp. 111-113.
- NOGUEIRA, Camilo (2001): *A memória da nação. O reino da Gallaecia*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia, S. A.
- OLIVEIRA, Aurélio (1985): Póvoa de Varzim e os centros de salga na costa noroeste nos fins do século XVIII. O contributo da técnica francesa. In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*. Póvoa de Varzim, II, pp. 89-126.
- OLIVEIRA, Aurélio (2003): Do Porto a Pontevedra (XIII-XVII) (Os tratos marítimos no Noroeste Peninsular. Do Porto à Galiza e a Pontevedra) (Séc. XIII-XVII). In CALO LOURIDO, F. (Coord.): *Actas do Simposio de Historia Marítima do Século XII ao XVI. Pontevedra e o Mar*. Pontevedra, Concello de Pontevedra, pp. 109-155.
- PERES, Damião (1970): *Como nasceu Portugal*. Porto, Portucalense Editora.
- PÉREZ CONSTANTI, Pablo (1993): *Notas viejas galicianas*. Santiago, Xunta de Galicia, (1ª ed. en tres tomos, 1925, 1926 e 1927).

- PINTO, Eduardo Vera-Cruz (2006): Os tratados inter-hispânicos na formação de Portugal como reino independente. *Encuentros y desencuentros ibéricos. Tratados hispano-portugueses desde la Edad Media*. Chaves Ferreira – Publicações S. A. Lisboa e Lunweg Editores, Madrid, pp. 23-34.
- RODRÍGUEZ FIGUEIREDO, Modesto (1969): Disparidad de textos y error de fecha en las versiones conocidas del documento de donación del castillo de Cedofeita. *El Museo de Pontevedra*, Pontevedra, XXIII, pp. 35-45.
- RODRÍGUEZ FIGUEIREDO, Modesto (1970): El Fuero de Pontevedra. *El Museo de Pontevedra*, Pontevedra, XXIV, pp. 49-72.
- SOEIRO, Teresa (2004): Menos mal que nos queda Portugal. *Boletín da Real Academia Galega*. Xaquín Lorenzo Fernandez "Xocas". A Coruña, Nº 365, pp. 217-234.
- SOEIRO, Teresa e CALO LOURIDO, Francisco (1999): *Fainas do mar. Vida e traballo no litoral norte*. Porto, Centro Regional de Artes Tradicionais.
- SOEIRO, Teresa e CALO LOURIDO, Francisco (2014): Escavações de Monte Mozinho (1974-1998): projecto territorial e lugar de encontro de Callaecia. In *Revista da Faculdade de Letras. Ciências e Técnicas do Património*. Porto, vol. XIII, Universidade do Porto, pp.143-158.
- VÁZQUEZ CUESTA, Pilar (1992): Relacións entre as literaturas galega e portuguesa. In *Actas Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago e Compostela, Xunta de Galicia, pp. 419-435.



Fig. 1 – Guimarães segue a se gabar de ser o berce de Portugal.



Fig. 2 – Sobre a vella ponte, os dous monarcas asinaron a Paz do Lérez.



Fig. 3
Ata Santo André de
Teixido chegaban os
romeiros portugueses.



Fig. 4
E de España no marco 96 a carón
da capela de San Lourenço (Tourém).



Fig. 5
A Guarda, varios anos portuguesa, desde o castro de Santa Trega.



Fig. 6
Olivenza segue a mostrar a súa orixe portuguesa.



Fig. 7 – Potentes murallas da fortaleza de Valença.



Fig. 8 – Na rúa do Loureiro asentaron sardiñeiros galegos.



Fig. 9 – Monção honra ao seu poeta João Verde.

